



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web
consellodacultura.org

Twitter:
[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

08/06/2016

O sistema produtivo da cultura (2016)

A importancia da industria cultural na dimensión económica xeral dun país é un feito crecente, cunha repercusión cada vez maior na sociedade actual, que valora o papel da cultura como un sector máis de dinamización do tecido socioeconómico. O seguinte documento de traballo debulla os principais indicadores do sector produtivo da cultura galega, comezando coa análise da *Conta Satélite da Cultura de Galicia* que acaba de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE). Esta operación proporciona un sistema de medición económica do sector cultural que permite estimar o impacto da cultura sobre o conxunto da economía galega, á vez que amosa a estrutura produtiva das diferentes actividades culturais.

O estudo ofrece, ademais, información relativa ás empresas situadas na comunidade galega cuxa actividade económica principal pertence ao ámbito cultural. Nalgúns casos tamén se realizaron comparativas con outras comunidades autónomas, polo que se utilizou a metodoloxía do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte na súa explotación estatística do Directorio Central de Empresas. De cara á análise das características das empresas utilizouse a fonte específica para Galicia, o directorio de empresas e unidades locais do Instituto Galego de Estatística (un directorio cuxo universo abrangue as empresas que na data de referencia realizan algunha actividade económica en Galicia), así como o *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME), que recolle datos sobre as sociedades mercantís con sede en Galicia que en cada ano de referencia e de acordo coa lexislación vixente deban depositar os seus estados financeiros no Rexistro Mercantil.

Neste informe tamén se abordan as magnitudes económicas destas sociedades mercantís galegas e, máis concretamente, a evolución das exportacións e importacións dos produtos culturais. Para o estudo deste particular utilizáronse os datos elaborados polo IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria, dado que as fontes do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte non permiten ofrecer desagregados autonómicos para un ámbito tan definido como o cultural.

Os datos que se presentan, polo tanto, son limitados posto que non se dispón de información de todas as actividades culturais coa desagregación necesaria, por estaren incluídas en epígrafes agregadas a outras actividades non consideradas culturais.



Conta Satélite da Cultura

O IGE publicou recentemente os datos da Conta Satélite da Cultura. Nesta operación faise unha selección das actividades culturais e mídese o seu impacto no conxunto da economía. No traballo de preparación desta estatística participou o Observatorio da Cultura Galega.

A cultura xera o 2 % do PIB galego, concretamente 1.103 millóns de euros. É, ademais, un sector intensivo en traballo xa que xera 30.828 empregos, o cal supón o 3 % da forza laboral galega. Dos traballadores, un 80 % son por conta allea e o restante son autónomos.

As magnitudes da cultura en Galicia e peso destas na economía galega. Ano 2011

	Valor (miles de euros)	Peso (%)
Conta de produción da cultura		
Produción	2.127.447	1,9 %
Consumos intermedios	1.023.528	1,7 %
Valor Engadido Bruto (VEB)	1.103.919	2,0 %
Conta de explotación da cultura		
Remuneración de asalariados	668.629	2,5 %
Outros impostos sobre a produción netos de subvencións	-24.185	-39,5 %
Excedente de Explotación Bruto (EEB)/Renda mixta bruta	459.475	1,8 %
Postos de traballo equivalentes a tempo completo		
Totais	30.828	3,0 %
Asalariados	24.661	2,9 %
Non asalariados	6.167	3,5 %
Gasto en consumo final das administracións públicas en cultura	367.627	3,0 %
Gasto en consumo final dos fogares en cultura	1.002.728	2,9 %

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010


Nota: No caso do VEB, a porcentaxe refírese ao peso do VEB das industrias culturais, non no VEB total da economía, senón no PIB de Galicia.

É importante destacar que se constata unha demanda moi superior do sector privado (1.002 millóns de euros) á do público (367 millóns de euros).

A distribución interna da produción do ámbito cultural indica que as actividades relacionadas coas artes visuais son as que achegan un valor maior, concretamente o 35,1 % do Valor Engadido Bruto (VEB). Este conxunto de actividades inclúe todas aquelas actividades creativas baseadas en expresións artísticas visuais (fotografía, publicidade, arquitectura e as actividades de deseño especializado, ademais de pintura e escultura). Seguen en orde de importancia a edición de libros e da prensa, que achega o 26,8 % do VEB cultural. Segundo o IGE, a continuación sitúanse o audiovisual e multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada), co 16,8 % do VEB; as actividades de explotación do patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas, co 9,3 %; e, finalmente, as artes escénicas (teatro, ópera, concertos musicais e outros moitos tipos de espectáculos escénicos en vivo), co 7,8 %. O 4,2 % restante corresponde ás actividades de regulación e promoción levadas a cabo polas administracións públicas no eido da cultura, que se inclúen no sector “interdisciplinario”, ante a imposibilidade de sinalalas a un sector concreto.



Achegas á conta de produción por sectores da cultura



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010

A cadea de produción da cultura, igual que calquera outro sector produtivo, consta de varias fases. Neste caso divídese en cinco, que son:

- Creación e produción.
- Fabricación.
- Difusión e distribución.
- Promoción e regulación.
- Actividades auxiliares.

A fase de creación e produción é a que ocupa un lugar máis destacado, cun 70,6 % do valor engadido xerado. Esta parte é eminentemente creativa e está baseada principalmente no coñecemento e na creatividade. Tamén é a que ocupa maior número de persoas, concretamente 19.946, o cal supón un 64,7 % do total. O resto de fases distribúense como se amosa na seguinte táboa:

**Conta de produción por fases culturais**


	Valor (miles euros)	Achega á conta de produción (%)
Total	1.103.919	100,0 %
Creación e produción	779.899	70,6 %
Fabricación	120.090	10,9 %
Difusión, distribución e comercialización	139.611	12,6 %
Promoción e regulación	46.315	4,2 %
Actividades auxiliares	18.004	1,6 %

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Base 2010

Número de empresas culturais

Segundo a Estatística de Empresas Culturales do Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Galicia conta con 5.747 empresas culturais. Entre 2008 a 2014, primeiro creceu o número de empresas ata 2011 para despois ir descendendo. Neste período diminuíu o número de empresa en Galicia en 54 unidades, mentres que no total de España o descenso foi de 3.709. O 5,3 % do total das empresas culturais de España son galegas, unha décima porcentual por debaixo de anos anteriores.

Na gráfica pode comprobarse como no ano 2011 comeza a descender progresivamente o número de empresas culturais en Galicia, aínda que no ano 2013 se estabiliza, para logo volver caer en 2014. Así, o número total de empresas culturais descendeu nun 3,5 % con respecto a 2011 en Galicia. Por outra banda, no conxunto de España foi no ano 2010 cando comezou a diminuír o número de empresas culturais, primeiro de forma moderada no ano 2011 (cunha caída de 452 empresas) e a partir dese ano dun xeito moito máis significativo ata 2014, con 5.853 empresas menos con respecto a 2010, o que supón un 5,2 % menos.

Número total de empresas culturais. Comparativa Galicia-España

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas



As empresas culturais, en xeral, susténtanse dende o punto de vista funcional en dous piares básicos: as actividades da industria e dos servizos, as de maior representatividade, e as actividades de comercio e aluguer. O primeiro tipo de empresas abrangue numerosos campos profesionais, aínda que o máis significativo é o dedicado á creación artística e de espectáculos; no seu conxunto constitúe o 25,9 % da actividade empresarial cultural de Galicia.

Dende 2010, as empresas que experimentaron unha maior caída foron as que se ocupan das actividades relacionadas co cine, vídeo, radio e televisión, así como edición musical. En contraste, crece o número de empresas vinculadas ás bibliotecas, arquivos e museos e, en menor medida, pero tamén cunha tendencia positiva, as actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos.

Número de empresas culturais por actividade económica en Galicia

	2010		2011		2012		2013		2014	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
Total	5.875	5,2	5.957	5,3	5.826	5,3	5.825	5,4	5.747	5,3
1. En determinadas actividades da industria e dos servizos	4.106	4,7	4.76	4,8	4.043	4,8	4.102	5,0	4.111	4,9
1.1. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	133	3,9	158	4,2	180	4,2	198	4,4	213	4,3
1.2. Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	364	4,1	359	4,2	357	4,2	369	4,4	351	4,3
1.3. Actividades cinematográficas, de vídeo, radio, televisión e edición musical	386	3,9	401	4,1	387	4,1	378	4,1	354	4,0
1.4. Actividades de axencias de noticias	1	0,6	1	0,6	2	1,6	1	0,8	1	0,9
1.5. Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.452	5,0	1.411	5,2	1.412	5,2	1.473	5,4	1.504	5,4
1.6. Actividades de fotografía	542	5,8	559	5,6	543	5,8	550	6,1	572	6,1
1.7. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	353	4,2	361	4,2	330	4,1	334	4,3	315	4,1
1.8. Fabricación de soportes, aparatos de imaxe e son, e instrumentos musicais	769	4,7	752	4,7	750	4,8	719	4,9	713	5,0
1.9. Fabricación de soportes, aparatos de imaxe e son, e instrumentos musicais	21	6,3	23	7,5	26	8,3	20	6,5	25	8,0
1.10. Educación cultural	85	4,4	51	4,3	56	4,3	60	4,6	63	4,5
2. En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.769	6,9	1.881	6,8	1.783	6,7	1.723	6,7	1.636	6,6

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas

O volume de empresas culturais no conxunto de España é de 101.342 sociedades. Madrid (22.751), Cataluña (19.802) e Andalucía (13.130) son as comunidades con maior número, seguidas da Comunidade Valenciana, que se achega ás 10.000 empresas, e, xa a máis distancia, País Vasco. Galicia ocupa o quinto lugar.

Pódese seguir unha metodoloxía distinta realizando unha explotación directa do Directorio de Central de Empresas do INE. Esta análise permite a obtención do estrato de asalariados de



cada empresa, pero cunha desagregación menor das actividades, polo que os resultados poden variar respecto da análise anterior.

Número de empresas culturais en Galicia por estrato de asalariados. 2008-2015

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Sen asalariados	3.435	3.535	3.675	3.800	3.697	3.655	3.650	3.977
De 1 a 2 asalariados	1.784	1.733	1.636	1.650	1.721	1.812	2.055	1.970
De 3 a 5 asalariados	444	464	454	471	442	456	516	506
De 6 a 9 asalariados	202	195	198	199	193	171	164	176
De 10 a 19 asalariados	150	142	132	134	111	117	105	118
De 20 a 49 asalariados	49	51	42	44	38	34	46	55
De 50 a 99 asalariados	19	19	20	15	19	17	18	20
De 100 a 199 asalariados	15	17	13	15	9	8	8	10
De 200 a 499 asalariados	2	1	3	2	2	1	4	3
De 500 a 999 asalariados	3	2	1	1	1	1	1	1

Fonte: INE: Directorio Central de Empresas (DIRCE)

No tocante ao estrato de asalariados das empresas culturais en Galicia, obsérvase que, en 2015, o 58,2 % destas non tiñan ningún asalariado. O 99,5 % son PEME con menos de 50 traballadores. Destaca, así mesmo, o feito de que aínda que o número de empresas culturais de entre 3 a 5 empregados descendera considerablemente en 2012, estas aumenten de novo a partir de 2013 ata 2015 (50 empresas máis).

Segundo a explotación que facilita o *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* do IGE, no ano 2015 creáronse 99 empresas culturais, un número maior que en 2014 no que se creaban 90. Como amosa a táboa seguinte, destacan as de 'Edición' e as de 'Actividades de creación, artísticas e de espectáculos' con 39 altas en 2015.

Sociedades mercantís do ámbito cultural constituídas en Galicia, segundo CNAE 2009.

Evolución temporal

	2012	2013	2014	2015	2016*
18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	16	11	20	16	2
58. Edición	14	5	15	23	2
59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	6	8	13	5	1
60. Actividades de programación e emisión de radio e televisión	7	4	5	5	0
63. Servizos de información	2	4	9	9	0
90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	20	14	28	39	6
91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	0	1	0	2	0
Total sociedades mercantís do ámbito cultural	65	47	90	99	11
Total sociedades mercantís	4.228	4.246	4.285	3.944	457
Porcentaxe de empresas culturais sobre o total de sociedades mercantís	1,54	1,11	2,10	2,51	2,41


Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME)

*Ata abril



Este boletín tamén permite situar as sociedades mercantís na comunidade galega. Como se ve na seguinte gráfica, un 82 % destas están constituídas nas provincias da Coruña e Pontevedra.


Distribución das empresas culturais en Galicia por provincias. Ano 2015



Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME)

Atendendo á actividade económica que desenvolven as empresas, o sector máis importante é o de 'Actividades de creación, artísticas e de espectáculos', con 16 novas empresas na provincia da Coruña e outras 16 na de Pontevedra, seguido da 'Edición', que conta con 12 sociedades máis en Pontevedra e 7 na Coruña.

Sociedades mercantís do ámbito cultural constituídas en Galicia, segundo CNAE 2009 e provincias. Ano 2015



Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME)

Sector exterior. Exportacións e importacións de produtos culturais

No referente ao sector exterior, as empresas culturais galegas exportaron algo máis de 4,8 millóns de euros en 2015. Como se pode ver na seguinte táboa, 2013 é o ano con menos



recadación dentro do quinquenio estudado, a partir do cal se inicia un aumento dos ingresos por exportacións, en 2014 debido fundamentalmente ás empresas de 'Edición' e en 2015 ás de 'Actividades de creación, artísticas e de espectáculos'.

Evolución das exportacións das empresas culturais en Galicia, segundo divisións CNAE 2009 (miles de euros). 2011-2015

	2011	2012	2013	2014	2015*
18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1.193,9	781,1	773,7	570,9	375,0
58. Edición	3.533,9	3.786,7	3.451,2	3.724,1	1.943,0
59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	150,0	85,9	259,2	270,4	525,2
90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	168,3	276,1	41,0	18,1	1.950,9
91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	325,5	0,0	0,0	25,0	25,0
TOTAL	5.371,6	4.929,8	4.525,1	4.608,5	4.819,1

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

*Os datos do ano 2015 son provisionais.

As empresas culturais galegas incrementaron as importacións en 2015 nun 84,7 % respecto ao ano anterior, por mor do aumento no sector das 'Artes gráficas e reprodución de soportes gravados'.

Evolución das importacións das empresas culturais en Galicia, segundo divisións CNAE 2009 (miles de euros). 2011-2015

	2011	2012	2013	2014	2015*
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	102,5	34	136,7	133,9	1.784,9
58 Edición	3.953,7	3.103,7	2.764,3	2.319,5	3.089,8
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	157,0	364,9	360,6	478,4	525
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.056,3	324,5	288	215,7	210,6
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	375,4	75,1	128,4	149,0	479,3
TOTAL	5.644,9	3.902,2	3.678,0	3.296,5	6.089,6

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

*Os datos do ano 2015 son provisionais.

Conclusiones

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A cultura xera o 2 % do PIB galego, concretamente 1.103 millóns de €. A cultura é, ademais, un sector intensivo en traballo xa que xera 30.828 empregos, o cal supón o 3 % da forza laboral galega. Un 80 % son traballadores por conta allea e o restante son autónomos.

As actividades relacionadas coas artes visuais achegan o 35,1 % do Valor Engadido Bruto (VEB). Seguen en orde de importancia a edición de libros e da prensa, que achega o 26,8 % do VEB cultural. A continuación sitúanse o audiovisual e multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada), co 16,8 % do VEB; as actividades de explotación do patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas, co 9,3 %; e, finalmente, as artes escénicas (teatro, ópera, concertos musicais e outros moitos tipos de espectáculos escénicos en vivo), co 7,8 %. O 4,2 % restante inclúense no sector “interdisciplinar”.

Dentro da cadea de produtiva, a fase de creación e produción é a que ocupa un lugar máis destacado, cun 70,6 % do valor engadido xerado. Esta é eminentemente creativa e está baseada principalmente no coñecemento e na creatividade. Tamén é a que ocupa maior número de persoas, concretamente 19.946, o cal supón un 64,7 % do total.

Segundo a Estatística de Empresas Culturales do Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Galicia conta con 5.747 empresas culturais. O 58,2 % destas non tiña ningún asalariado. O 99,5 % son PEME con menos de 50 traballadores.

Segundo a explotación que facilita o *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* do IGE, no ano 2015 creáronse 99 empresas culturais, destacando as de ‘Edición’ e as de ‘Actividades de creación, artísticas e de espectáculos’.

No referente ao sector exterior, as empresas culturais galegas exportaron algo máis de 4,8 millóns de euros en 2015.